




Unha sardiña que ama á Coruña, unha cidade-peixe que ama a festa, *San Xoán na Coruña que bonito é*. Folión: lume, leña, area e o sol que baila e baila no solpor do Mar do Orzán e a cidade baila e baila nas rúas e prazas co sol a brincar. *San Xoán na Coruña que bonito é, comer as sardiñas e durmir de pé*. A xente ama a festa que arma na noite máis curta, na punta do pé, *Parrochas viviíiiiiññas!* Aí ven a mañanciña de San Xoán e calqueira prodixio pode acontecer ao lavar a cara, galopíns, que moito recende a auga das herbas de olor. *Na Coruña teño redes, teño sardiñas no mare, teño o lume dos teus ollos para a festa do San Xoane*. Unha cidade-praia a durmir de pé e a cheirar a frescura no mencer. Porque todo acontece neste peixe de pedra e area, de ruadas senfín. Porque na beira do mar haiche moito que ver. Na Coruña. *Parrochas viviíiiiiññas!*

